

# UN ARA INÉDITA DE O CASTELO DE DARBO (CANGAS-PONTEVEDRA)

XOAN MIGUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
Grupo de Arqueología “Alfredo García Alén”

- Resumen Noticia y estudio preliminar de un ara encontrada en O Castelo de Darbo (Cangas) y de su contexto arqueológico. Se trata de una pieza caracterizada por una marcada rusticidad, que denota una imitación, no siempre funcional, de los modelos formales y cuenta con significativos paralelos en otros ejemplares de yacimientos próximos.
- Resumo “Un ara inédita do Castelo de Darbo”. Noticia e estudo preliminar dun ara achada no Castelo de Darbo (Cangas) e do seu contexto arqueolóxico. Trátase dunha peza caracterizada por unha marcada rusticidade que denota unha imitación, non sempre funcional, dos modelos formais e conta con significativos paralelos noutros exemplares de xacementos próximos.

A recente construción dunha pista forestal pola Xunta Comunal da parroquia de Darbo, veu de aumentar o deterioro dun area da ladeira medía do Monte do Castelo, afectada con anterioridade, aínda que só superficialmente por un “cortafuegos”. Enterados da desfeita axiña se persoaron neste lugar membros do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén” (0), ca colaboración da familia Pena, para elaborar un informe que acompañase a denuncia remitida a Dirección Xeral do Patrimonio. Púidose comprobar as alteracións sufridas na estrutura orixinaria do xacemento e tamén documentar a existencia en superficie de diversos materiais arqueolóxicos, mais, sobor de todo, recuperouse un ara incompleta que vai se-lo principal obxeto de estudo deste traballo.


## O XACEMENTO

O chamado Monte do Castelo é un crespón granítico que se eleva na parroquia de Sta María de Darbo, no concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra) sendo unha das estribacións que serven de divisoria de vertentes da Serra do Morrazo. Súas coordenadas son: 42° 16'21'' N. e 8° 47'52'' W.


Xeolóxicamente é un conxunto granítico antigo, cuberto dunha estreita capa de terra de tipo cambisol crómico e húmico, sobor da cal estendese unha vexetación de herbáceas e matorral baixo, xunto zonas arbóreas onde predomina o piñeiro negral e silvestre. Fica nun area pluviométrica con precipitacións de entre 1.500 e 1.000 mm., e nela rixe unha modalidade climática oceánica húmida con tendencia a aridez estival (1).

Súa situación xeoestratéxica é privilexiada, posto que domina unha ampla zona de pequenas chairas e montañas no extremo suroccidental da Península do Morrazo, habendo que ter en conta a súa relativa proximidade ó mar. O xacemento está preto do

castro Liboreiro (Coiro), do que dista 3 km., comunicándose facilmente ó traverso da bacia do río Presas polo poniente e do Fials e Orxas pola banda contraria; e do Facho de Donón (Hío), do que lle separan 5 Km., estando moi preto da entrada natural de acceso á península de Hío.




Localización xeográfica



## Localización dos asentamentos castrexos de Cangas (Debuxo R.Patiño)

O abastecemento de auga queda asegurado por un manancial que fica na mesma ladeira do monte, o rente da zona arqueolóxica. Hai a referencia de que no lugar de Cimadevila, cara a vila de Cangas, apareceu unha canalización de auga a base de tégulas que viña en dirección do castro, mais non se puido determinar a época desta construción.

Morfoloxicamente constitúe un conxunto rochoso cun batolito de 244 m. de altitude, onde fican os picoutos do Castelo e Gatita, e una elevación ó NE que alcanza os 212 m. Na zona de encontro dos dous outeiros, uns 35 m. mais abaixo, estendese unha pequena plataforma sedimentaria, que marca a base do área arqueolóxica dita.




Planta e perfil do xacemento de O Castelo de Darbo (Debuxo R. Patiño)


O xacemento ten unha planta tipicamente ovalada, orientándose en dirección N-S. O eixo maior mide aproximadamente 200 m., mentres que o menor só alcanza os 100m.

Na ladeira E consérvanse tres terrazas basculadas que se elevan a distinta altitude, estando a inferior afectada pola construción da pista, co que quedou ó

descuberto unha sección da súa muralla, composta por cachotes de granito, habendo quedado soterrada pola acción dos furtivos.

Na pequena chaira situada ó NE, dous parapetos aíllan ó xacemento do coto veciño, ó ser o único punto onde non existe unha escarpada pendente. Os parapetos están







separados 15 m., tendo o posterior, que está mellor conservado, unha altura de 3.5 m. A devandita pista seccionou seu extremo S, deixando ó ar unha estrutura de dous muros levantados con pequenos blocos de granito, o exterior de 1.65 m. de ancho e o interior de 1.50 m., flanqueando un espazo onde aparece unha gran rocha meteorizada e moreas de terra, alcanzando o conxunto unha anchura de 4.5 m.

Diseminadas pola ladeira existen algunhas insculturas rupestres, compostas por coviñas e liñas de surco ancho e gastado que forma deseños sinuosos, espirais e mesmamente círculos concéntricos aillados (2)

Recolléronse algúns materiais castrexos, posiblemente de arrastre, entre os que cabe salientar anacos de cerámica de formas globulares, bases planas e labios combados con bordes de diverso tipo, aparecendo as típicas decoracións xeométricas, de “SS”, de espiquillas...., feitas ca técnica de incisión, etc. Así mesmo constatouse a peza inferior e fixa dun muíño de man dos chamados romanos. Hai referencias da existencia dun cuncheiro que ficaba preto da muralla, desaparecido na actualidade. Detectáronse tamén abondosos anacos de tégula.

Conservábase a tradición de que ata o castro chegaban uns túneis feitos polos “mouros” para protexerse, que ían a rematar a praia, contándose que nalgún apareceran obxectos de gran valor (3).

No cume do Castelo houbo unha fortaleza medieval chamada de DARABELO ou DARAVO, da que hoxe non se conservan restos visíbeis. A primeira referencia documentase a comezos do século XII, o que indica que é anterior. O final da centuria constatase a primeira doazón ó Arcebispo de Santiago, quen manterá o dominio, aínda con algúns parénteses, ata o seu abandono (4).

O Castelo foi destruído durante a Segunda Guerra Irmandiña, mais posteriormente reconstruíuse para facer fronte ó conde de Camiña, sendo definitivamente abandonada, quizais por obriga, nos primeiros decenios do século XV (5). Desta época só apareceu unha sinxela moa de granito de mediano tamaño.

### O ARA DESCUBERTA


O ara atopada é un bloco rectangular de granito do país, cun remate de tipo plano e rachada na base; a superficie padeceu os efectos da erosión natural, e está fanicada nalgunhas partes.

O remate superior compose de dous roleos irregulares que fican nas esquinas, separados 12 cm., tendo un ancho máximo de 5 cm. Pola banda interior fúndense na superficie do testeiro, converténdose de feito en semiroleos que se destacan 1.5 cm. do chan. No centro da área plana atópase o focus circular de 7 cm. de diámetro e 3.5 cm. de altura, cun pequeno burato que só alcanza os 2 cm. de diámetro e 0.5 cm. de profundidade.

Entre o remate e o corpo epigráfico estendese un bloco lixeiramente sobresaínte, de 26 cm. de alto e 23 cm. de anchura medía, cunha decoración composta por un conxunto de 7 molduras irregulares de tosca feitura, no lado do epígrafe, e posiblemente 6 nos restantes, separados por suaves combamentos. O elevado número de molduras é a característica formal mais destacable deste exemplar, a cal non comparte con ningunha peza coñecida.

O tramo inferior escachado é o epigráfico, oscilando súa altura entre os 9 e os 14 cm., e sendo lixeiramente mais estreito que o anterior, alcanzando os 22 cm. de anchura medía. Nunha das caras, fortemente deteriorada, rexístranse dúas liñas de letras de feitura moi pouco coidada, estando o rexistro inferior afectado pola fractura da rocha, de xeito que só se conserva o remate superior dos grafismos.

En canto a transcripción, o signo inicial da primeira liña poderíase interpretar como una **ce**, cun punto de interespacio no seu seo; non parece que se trate dun “E” incompleto. A segunda letra, única que se pode ler con claridade, é sen dúbida un **be**. A derradeira é mais dificultosa, podendo tratarse dun “E” pouco desenrolado na liña central, e non un **ce**, que tende mais a redondez. As graburas laterais teñen 6 cm. de altura, mentres que a central destacase cos seus 8 cm. O rexistro inferior carece do primeiro grafismo, e os restos das seguintes letras só permitirían facer conxeturas por eliminación, ó excluír a aquelas que non teñan remates redondeados.



Reproducción dos grafismos do ara do Castelo (Debuxo P. Fernández)

Posto que somentes apareceu un exemplar, as dificultades da lectura e maila tosquedade dos grafismos, non se pode aventurar, por agora, unha interpretación mínimamente verosímil. O ce inicial, aillado polo interespacio non podería ser asignado a ningunha divinidad coñecida, nin aparece nas fórmulas adicatorias usuais, e tampouco é común que corresponda ó nome do adicante.

Tomando como referencia a decoración cun tipo de molduras que se diferencian das separadas por unha incisión moi marcada, e algún dos grafismos, esta peza presenta unha grande similitude con algúns exemplares do veciño Facho de Donón (6), especialmente cunha testa ilexible e inédita, de volume parello, que conta con roleos e 4 molduras no corpo mais ancho, moi semellante. Nos dous conxuntos a feitura dos bes, tendente ó alongamento en altura e ca liña central sen rematar, dótanlle dunha morfoloxía altamente coincidente; o que se reforza porque xunto co erre (be aberto na base), son as letras que alcanzan a maior altura dentro do conxunto epigráfico, coincidindo ata as dimensións.

O segundo paralelismo establececese cas pezas do Monte Liboreiro, especialmente cun ara enteira de maiores dimensións e aspecto mais clasicista, tendo dous roleos e tres molduras moi semellantes, así como un mamelón por focus, que leva a lembrar o pouco funcional burato do ara obxeto de estudo (7).


Para rematar compre facer referencia ó conxunto atopado en Lourizán (Pontevedra), onde cabería salientar un pequeno ara con dous roleos, aínda que neste caso son case que completos, e catro molduras, sendo a superior de dimensións maiores, sobresaíndo como nas outras pezas; polo demais, o focus tamén é moi semellante (8).

## CONCLUSIÓN

Este ara aparecida nun contexto claramente castrexo, aínda que sen precisión cronolóxica, caracterizaríase no seu conxunto por unha marcada rusticidade, derivada tanto da feitura como da súa propia morfoloxía, lembrando somentes dun xeito xenérico ós modelos mais definatorios da arte provincial galaica, sobor de todo no que se refire ó traballo da pedra (9).

A pesares dos efectos da erosión, esta peza presenta un focus moi pouco desenrolado, o que leva a pensar nunha carencia da funcionalidade que lle é específica, impóndose unha idea de imitación formal por parte do artesán canteiro autóctono, seguindo os modelos coñecidos; radicalizándose no caso da ara do Liboreiro. Esta visión, xa exposta no campo das estelas (10), ten como base unha relixiosidade diferenciada nas culturas galaica e romana a pesares da asimilación de divinidades, o que suporía unha ritualidade distinta, aínda que tamén eiquí puidera darse unha asimilación, mais sempre superficial e incompleta.

O que se constata cun alto grado de fiabilidade é unha similitude formal entre os exemplares dos tres xacementos veciños citados, todos dunhas características arqueolóxicas próximas e enmarcados nun contexto xeográfico común. A identidade cultural e maila facilidade de comunicación entre eles, poría de releve a existencia dun taller ou dunha “escola” que conservaría a tradición das formas no traballo da pedra, tal como acontece cas lápidas funerarias (11), e que, ó menos, estendería o seu radio de acción ó extremo occidental da Península do Morrazo, posiblemente cun carácter itinerante, ó igual que outras ramas da arte provincial (12).



## BIBLIOGRAFÍA E NOTAS

- 0- Participaron os membros: Antonio Nores, Eutimio Rodríguez, Jorge Gil, C. Macías, Ramón Patiño e o que suscribe.
- 1- Inclúense estes datos porque o clima da Ría de Vigo case que non sufriu oscilacións dende a primeira ocupación do xacemento ate agora.  
MARGALEF. R. “Oscilaciones del clima del NW de España registradas en los sedimentos de la Ría de Vigo”. Zephyrus VII. 1956.
- 2- GARCÍA ALÉN.A. e PEÑA SANTOS.A. “Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra”. Fundación Barrié de la Maza. 1980.
- 3- Referencias dos veciños, e tamén ver a verba DARBO na Gran Enciclopedia Gallega VIII.
- 4- RODAL.M. “El Castillo de Darvo (Darbo)” Revista das Festas de Cangas. 1985.
- 5- Unha testemuña do pleito TAVIRA-FONSECA III (1525-26), declara que o castelo “...tenia quatro cubetes e una cerca e que era de una piedra no muy labrada...”.  
RODRIGUEZ GONZÁLEZ.A. “Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños”. Fundación Barrié de la Maza. 1984. Tomo I.
- 6- Foron atribuídas primeiramente ó deus LIBER (BOUZA BREY, ALVAREZ BLÁZQUEZ e MASSÓ “Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hio Cangas)”. Cuadernos de Estudios Gallegos XXVI.1971; despois a divindade indíxena BEROBREORO (MILLÁN GONZÁLEZ PARDO “Sobre las aras del Santuario de Donón (Hio-Pontevedra) supuestamente dedicadas a Líber”. Publicaciones del Museo Municipal n 1.1978; e derradeiramente ós LARES (vid voz DONÓN en la Gran Enciclopedia Gallega.
- 7- FILGUEIRA VALVERDE.J. e D’ORS.A. “Inscripciones Romanas de Galicia. III, Museo de Pontevedra”. 1966. Foi atribuída ó deus indíxena VERORE; mais nos lemos nela: F E R -/MV.L.V /H A.S / .A primeira letra quizais sexa un erre sen rematar; o guión e mailo derradeiro punto de interespacio son dubidosos. No rexistro intermedio coincidimos coa lectura de SAMPEDRO FOLGAR.C. “Aras romanas en el Museo de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra”. El Libro de Oro de la Provincia de Pontevedra. Vigo, Cao Moure, 1931.
- 8- FILGUEIRA VALVERDE.J. e D’ORS.A. 1966.
- 9- Como resumo compendiado: ACUÑA CASTROVIEJO.F. “Las formas del arte provincial romano en Galicia”. La romanización de Galicia. Sargadelos n 16. Sada 1976.
- 10- Vid verba ESTELA na Gran Enciclopedia Gallega, tomo X,
- 11- Vid nota 10
- 12- BALIL ILLANA.A. “Sobre los mosaicos romanos de Galicia. Identificación de un taller musavario”. Le mosasique greco-romaine II. Vienne 1971.